



# XIX Feira Franca Lendas



## Normas Fantares e Ceas

Co fin de situar postos de xantares e ceas particulares na rúa o día da Feira Franca (sábado, 1 de setembro de 2018), é necesario cumprir unha serie de normas que a continuación detallamos:

- ✦ **Entregar a solicitude**, debidamente cuberta, dentro do prazo estipulado: do **15 de xuño ao 16 de xullo**, na oficina da Feira Franca da rúa de Afonso XIII (ao carón da Biblioteca Pública) en horario de 10.00 a 14.00 horas ou cubrir o formulario en [www.feirafranca.gal](http://www.feirafranca.gal).
- ✦ **Aceptar as seguintes condicións:**

### 1. Espazos e ambientación

- As mesas admitidas deberán pór nun lugar visíbel o **número de identificación** facilitado pola organización.
- As persoas solicitantes deberán **adaptarse ao espazo** asignado pola organización, **non podendo ampliar o número de metros** que conste no documento de aceptación.
- **Na asignación de espazos terase en conta a decoración, ambientación e organización de actividades lúdicas e de animación acordes co espírito de recreación histórica que caracteriza a Feira Franca.** A este respecto, pódense achegar fotografías ou outra información que se considere de interese.
- **Deberá ocultarse calquera elemento que resulte anacrónico** (quedan prohibidas as carpas industriais e os toldos de plástico).
- **Os postos deben ser de madeira ou, caso contrario, estar cubertos con tecidos rústicos** (liño, lenzo, tea de sa-co...). Os postos exteriores non se poderán cubrir de papel.
- En caso de chuvia, as mesas deberán estar provistas dos materiais apropiados para protexerse. Se os materiais fosen de plástico, **deberán estar totalmente ocultos**.
- De igual xeito, **a louza empregada ha de ser de barro ou madeira, quedando prohibido que aparezan á vista botellas de plástico, latas ou calquera material fóra de época.**
- **Non se fará publicidade** de ningunha marca comercial.
- **Todas as persoas da mesa vestirán traxes adecuados á época histórica** da festa (segunda metade do século XV). Este ano a **XIX Feira Franca está dedicada as Lendas**, polo que tanto a ambientación do espazo como as actividades organizadas nos xantares e ceas na rúa poderán xirar arredor a ese tema.
- **A música e a animación deben ter unha temática exclusivamente medieval.** Calquera outro tipo de música e alteración do espírito da época da festa non está permitido.

### 2. Montaxe

O horario de montaxe é:

**Sábado día 1 de setembro de 6.00 a 10.00 horas (queda terminantemente prohibido montar antes desa hora).**

**O incumprimento desta norma poderá ser motivo de exclusión do posto na Feira.** Se ás 10.00 horas o posto non estivera montado, a organización reservarase o uso do espazo adxudicado.



### 3. Lume e grellas

As mesas que queiran facer lume deberán facelo constar na solicitude de participación.

O lume farase no espazo que asigne a ORGANIZACIÓN para ese fin, en cada caso.

**NON SE PODE FACER LUME DEBAIXO DE toldos, instalacións eléctricas ou outros ELEMENTOS SUSCEPTÍBEIS DE ARDER.**

**O ESPAZO NO QUE SE FAGA O LUME DEBE ESTAR PERFECTAMENTE PARAMENTADO,** impedindo o acceso a este de toda persoa allea ao cociñado.

**O LUME DEBE DE ESTAR CORRECTAMENTE ILLADO MEDIANTE O USO DE PRANCHAS METÁLICAS EN TRES DAS CATRO CARAS DO SOPORTE.**

**AS PRANCHAS METÁLICAS DEBEN ESTAR DEBIDAMENTE ILLADAS POLA PARTE EXTERIOR** para impedir queimaduras a terceiras persoas.

As mesas terán no espazo delimitado para o lume un **EXTINTOR 6 kg EFICACIA 21 A-113 B** ou dous de 3 kg.


Os extintores deberán cumprir coas revisións correspondentes (non caducados e retimbrados).

A delimitación do espazo do lume, a protección do lume e o extintor deben estar **LISTOS PARA A REVISIÓN** por parte dos servizos de seguridade **ÁS 10 HORAS DA MAÑÁ.**

O **APAGADO DOS LUMES** deberá realizarse antes das 24 horas do sábado.

O incumprimento desta normativa de lumes será motivo para o precinto inmediato do espazo autorizado.

Recoméndase que, no caso de empregar pacas de palla, se mollen antes e non se usen como cadeiras nin mesas.



### 4. Responsabilidade e acreditacións

A persoa responsábel da mesa deberá ter no seu poder a **acreditación da mesa durante as horas de montaxe.**

Ademais, tomará as medidas necesarias para non deixar no espazo usado restos de lixo, graxa, aceites etc. **É obrigatorio contar cun depósito para o lixo acorde coa ambientación da festa** (sacos, cestos...).

#### Responsabilizarse de:

- Respetar o espazo asignado e de recrear nel a época medieval.
- O servizo de cociña, ou calquera outro tipo de servizo de apoio no que se empreguen materiais ou utensilios fóra de época, deberá facerse camuflado de cara ao público e respectando sempre a lexislación en materia de seguridade e hixiene alimentaria.

As persoas participantes deberán acatar a **supervisión que realizará a organización.**

A **autorización para a montaxe dunha mesa non é transferíbel, sendo responsábel a persoa titular de dita autorización.**

**Os postos que non sigan as anteditas normas ou as indicacións da organización poderán ser retirados.**



\* Todos os formularios poden descargarse en [www.feirafranca.gal](http://www.feirafranca.gal)



# XIX Feira Franca Lendas

Núm. Solicitud

X

## Solicitud de participación para xantares e ceas na rúa

### Datos do/a solicitante:

Nome e apelidos.....

DNI.....

Número de teléfono.....

Enderezo.....

Enderezo electrónico.....

Solicitud: nova solicitude  participante en anos anteriores  outras

Número de solicitude do ano pasado se o lembra.....

### Lugar que se solicita:

.....  
.....  
.....

### Situación da mesa en anos anteriores:

.....  
.....  
.....

### Características do posto:

N.º participantes.....

Espazo que utilizará (medidas totais):

Altura.....

Anchura.....

Lonxitude.....

Lume: SI  NON  Tipo de lume.....

### Observacións:

.....  
.....  
.....  
.....  
.....

*Nota: a persoa solicitante deberá presentar unha copia do seu DNI.*

Pontevedra, ..... de ..... de 2018



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

## Compromiso de colaboración

Eu (nome e apelidos) .....  
con DNI ....., enderezo en .....  
..... e teléfono.....

**Asumo os compromisos estipulados nas Normas de Participación de Xantares e Ceas na Rúa** anexos á solicitude presentada e entendo que, en caso de non respectalos, **a organización poderá excluír a miña solicitude** ou ben proceder á **retirada dos elementos non autorizados ou do propio posto** durante o día da celebración da XIX Feira Franca.

Ademais entendo que as posíbeis infraccións cometidas serán recollidas pola organización, quen se reservará o **dereito de excluír a miña candidatura** para próximas edicións da Feira Franca.

E para que así conste para os efectos oportunos **asino o presente compromiso** de colaboración.

Pontevedra, ..... de ..... de 2018

A organización

Asdo:.....

*AVISO LEGAL: En cumprimento do establecido no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante RGPD) informámoslle que os seus datos persoais serán tratados e quedarán incorporados nos ficheiros de Feira Franca XIX, co fin de prestarlle os servizos de xestión solicitados. Neste sentido, vostede consente de forma expresa que os seus datos sexan tratados por Feira Franca XIX para dar cumprimento á finalidade indicada anteriormente así como para remitirille información relativa aos devanditos servizos. Así mesmo, informámoslle que vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dispostos legalmente fronte a Feira Franca XIX.*

*Consinto o tratamento dos meus datos, por parte de Feira Franca XIX, para os fins relativos aos servizos anteriormente expostos.*

En ..... a, de ..... do ano  
Asinado:

\* Todos os formularios poden cubrirse en liña ou descargarse en [www.feirafranca.gal](http://www.feirafranca.gal)